

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

Orde do 1 de setembro de 2010 pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, de varios postos de traballo vacantes nesta consellería, anunciada pola Orde do 7 de xullo de 2010.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, de varios postos de traballo vacantes nesta consellería, pola Orde do 7 de xullo de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* nº 132, do 13 de xullo), de conformidade co disposto no artigo 29.2º do Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e nos artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e no uso das facultades conferidas polo artigo 17.4º do referido decreto legislativo.

Esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, de varios postos de traballo vacantes nesta consellería, anunciada pola Orde do 7 de xullo de 2010 (*Diario Oficial de Galicia* nº 132, do 13 de xullo).

Segundo.-Adxudicar destino, nos postos de traballo que se indican e seleccionar o persoal que se relaciona no anexo desta orde.

Terceiro.-O cesamento no destino actual do persoal que obtivo praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data de publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

O prazo para a toma de posesión do novo destino será de tres días a partir do seguinte ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade onde actualmente o persoal preste servizos, ou dun mes se radica en distinta localidade, de conformidade co establecido no artigo 14 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e co disposto na base sétima da convocatoria.

O cómputo de prazos de posesión iníciase cando rematen os permisos ou licenzas que, de ser o caso, fosen concedidos ao citado persoal. Nos supostos de baixa temporal ou transitoria iníciase a partir da correspondente alta.

Cuarto.-O xefe do centro en que cause baixa o persoal, así como o daquel en que obteña destino, consignarán no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión.

Quinto.-Contra esta orde, que pon fin a vía administrativa, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante o conse-

lleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugna-la directamente, perante o xulgado do contencioso-administrativo competente, no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 1 de setembro de 2010.

Agustín Hernández Fernández de Rojas
Conseleiro de Medio Ambiente, Territorio
e Infraestruturas

ANEXO

Apelidos e nome: Pérez Montero, Luisa Fernanda.
NRP: 0974079368 A2067.

Grupo: A1.

Denominación do posto de traballo: xefa do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental.

Código do posto de traballo: MA.C99.10.003.15001.001.

Centro directivo: departamento territorial.

Localidade: A Coruña.

Corpo/escala: xeral/especial.

Nivel: 28.

Complemento específico: 15.213,24 €.

Apelidos e nome: Rodríguez Fernández, José Luis.
NRP: 4148823224 A2071.

Grupo: A1.

Denominación do posto de traballo: xefe do Servizo de Calidade e Avaliación Ambiental.

Código do posto de traballo: MA.C99.10.003.36001.001.

Centro directivo: departamento territorial.

Localidade: Pontevedra.

Corpo/escala: xeral/especial.

Nivel: 28.

Complemento específico: 15.213,24 €.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 30 de agosto de 2010 pola que se nomean funcionarias e funcionarios en prácticas as/os opositoras/es que superaron o procedemento selectivo convocado pola Orde do 15 de febreiro de 2010, para acceso ao corpo de inspectores de educación, e se lles asigna sector para a realización daquelas.

Por Orde do 15 de febreiro de 2010 convócase concurso-oposición para o acceso ao corpo de inspectores de educación. Así mesmo, por Orde do 3 de agosto de 2010 faise pública a lista dos opositores

que superaron o procedemento selectivo convocado pola citada Orde do 15 de febreiro de 2010.

O punto I da base común 12 da Orde do 15 de febreiro de 2010 establece que as prácticas terán por obxecto garantir que o persoal aspirante que superou a fase de concurso-oposición posúa a adecuada preparación para levar a cabo as funcións atribuídas ao corpo de inspectores de educación, e que aquelas se realizarán nos destinos provisionais que lles correspondan co desempeño da función inspectora con plena validez.

Na súa virtude, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Primeiro.-Nomear funcionarias e funcionarios en prácticas do corpo de inspectores de educación as/os opositoras/es que se relacionan no anexo da Orde do 3 de agosto de 2010.

Segundo.-As prácticas realizaranse no sector que se especifica no anexo a esta orde.

Terceiro.-O nomeamento como persoal funcionario en prácticas producirá efectos económicos e administrativos do 1 de setembro de 2010.

Cuarto.-O persoal funcionario en prácticas deberá formular opción pola percepción das remuneracións durante a súa condición de funcionarios en prácticas, de conformidade co disposto no Real decreto 456/1986, do 10 de febreiro, modificado polo Real decreto 213/2004, do 21 de febreiro.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2010.

Jesús Vázquez Abad
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO

NIF	Apellidos e nome	Sector
36083161-B	Alén de la Torre, José María	Pontevedra
35250941-Z	Antuña Souto, Carlos Alberto	Vigo
33807153-M	Rábade Pallares, Carlos E.	Pontevedra
33205344-Z	Pérez Froiz, Margarita	Vigo
09710482-C	Foumol Marcos, María Teresa	Vigo
32444375-T	Vázquez Caruncho, Francisco Javier	Ferrol
33835954-X	Pérez Fernández, José Casimiro	Lugo
32747544-Y	Granados Loureda, Juan Antonio	Ferrol
34952516-Z	Montes Marqués, Julio Ángel	Pontevedra
32788124-Z	García Sánchez, María Luisa	Pontevedra
32748966-W	Gens Austrán, Patricia Elena	Ourense

UNIVERSIDADE DE VIGO

Resolución do 30 de agosto de 2010 pola que se nomea profesor contratado doutor de universidade a José Ramón Fernández García (CD1006).

De conformidade coa proposta elevada pola comisión nomeada para vulgar o concurso de acceso convocado por resolución desta universidade do 16 de abril de 2010 (DOG do 5 de maio), e presentada polo

concurante proposto a documentación a que fai referencia a base 7ª da convocatoria,

Esta reitoría, en uso das atribucións conferidas polo artigo 65 da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro (BOE do 24 de decembro), de universidades, modificado pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (BOE do 13 de abril), e demais disposicións concordantes, resolveu nomear a José Ramón Fernández García, con DNI 76911593-F, profesor contratado doutor da Universidade de Vigo, da área de coñecemento de matemática aplicada, adscrita ao Departamento de Matemática Aplicada I desta universidade.

Este nomeamento producirá plenos efectos a partir da correspondente formalización do contrato pola persoa interesada, que deberá efectuarse no prazo máximo de vinte (20) días hábiles, que se contarán desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*. Se o último día do prazo coincide con sábado ou día inhábil na Universidade de Vigo, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte segundo o artigo 48 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Vigo, 30 de agosto de 2010.

Salustiano Mato de la Iglesia
Reitor da Universidade de Vigo

V. ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

XULGADO DO SOCIAL NÚMERO DOUS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Edicto (430/2008).

Marina Pilar García de Evan, secretaria xudicial do Xulgado do Social número dous de Santiago de Compostela, fago saber que no procedemento de demanda 430/2008 deste xulgado do social, seguido por instancia de Carmen Sara Rodríguez Vázquez contra a empresa *Starb Actividades Empresariales Padrón, S.L.* e INSS, sobre Seguridade Social, se ditou a seguinte resolución:

«Estímase a demanda formulada por Carmen Sara Rodríguez Vázquez fronte ao Instituto Nacional da Seguridade Social e *Starb Actividades Empresariales Padrón, S.L.*, con intervención do Fogasa e, en consecuencia:

-Condénase a empresa *Starb Actividades Empresariales Padrón, S.L.* a lle aboar á demandante Carmen Sara Rodríguez Vázquez a cantidade de 2.057,64 euros, en concepto de prestacións e diferenzas por prestacións por incapacidade temporal. Destas cantidades respon-